

MOCIÓN PARA SOLICITAR A ADHESION AO CONVENIO MARCO PARA A CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS, ASINADO POLA XUNTA E A FEGAMP

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consolidación da recuperación económica necesita do fortalecemento e mellora da competitividade do tecido empresarial afincado na comunidade galega, así como da chegada de novas empresas que contribúan a impulsar os nosos sectores produtivos e favorezan a xeración de valor engadido e o peche dos ciclos produtivos, así como a consolidación de emprego de calidade.

Sirva de exemplo que durante o ano 2016 o investimento produtivo estranxeiro en Galicia aumentou máis dun 35%. De feito, se comparamos o ano 2015 fronte ao 2016, pasamos de 86 a 118 millóns de euros. Ademais, no primeiro semestre de 2017 a Comunidade galega ten captado xa preto de 90 millóns de euros.


Galicia, polo tanto, debe seguir nesa liña positiva de captación de investimentos e para iso é fundamental crear un contexto máis favorable para desenvolver proxectos estratéxicos na actividade empresarial.

Nese sentido, a Xunta de Galicia ten aprobado iniciativas de gran valor como a Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia, a incorporación novas axudas e instrumentos financeiros, con facilidades para a compra de solo e coa creación de incentivos fiscais ao investimento.

Así mesmo, para este mes de outubro está previsto dar un paso máis coa aprobación dunha nova Lei de fomento da implantación empresarial que se leva consensuando cos principais axentes económicos e sociais de Galicia e que vai a xerar un clima propicio para o investimento.

Neste sentido, o pasado día 10 de outubro asinou un convenio de colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para ampliar o alcance das medidas da futura lei e sumar esforzos cara a rebaixa de impostos e taxas municipais e a participación no compromiso dunha maior axilidade administrativa.

A sinatura deste Convenio por parte dos concellos é unha mostra do compromiso co progreso económico e social do nosa terra e, ademais, trae beneficios en tanto que os concellos adheridos -e que obteñan o distintivo "Concello Facendo Empresa en Galicia" ("*Concello Doing Business en Galicia*")- terán preferencia nas axudas autonómicas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento, cando as convocatorias sexan en réxime de concorrencia competitiva.




Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal do Partido Popular a proponlle ao Pleno o seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela acorda adherirse ao convenio marco para a captación de investimentos asinado pola Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias o pasado 10 de outubro de 2017.
2. Dar traslado deste acordo plenario á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, a 16 de outubro de 2017.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular